

FJ6630253

03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

**ESTATUTOS DA "FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS" (FUNGA)**

**TÍTULO PRIMEIRO**  
**DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 1. Denominación e natureza**

A “Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas”, é unha entidade constituída pola Xunta de Galicia, do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se expoñen polo miúdo no artigo 6 destes Estatutos.

A FUNGA é medio propio instrumental da Xunta de Galicia o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**Artigo 2. Personalidade e capacidade**

1º.- Para o cumprimento dos seus fins e en defensa dos seus intereses e dereitos, a Fundación terá plena capacidade xurídica e de obrar. En consecuencia, con carácter enunciativo e non limitativo, poderá adquirir, posuir, reivindicar, permutar, gravar, e alienar toda clase de bens; celebrar contratos, obligarse, promover, seguir, opoñerse e desistir dos procedementos que fosen oportunos; exercitar as accións, excepcións e recursos que segundo a lei lle correspondan ante toda clase de Tribunais, Organismos, Corporacións, Autoridades competentes e Entidades; tanto de Dereito Público coma de Dereito Privado e, en xeral, todos os actos necesarios para conseguir, de acordo coa lexislación aplicable a cada suposto, os obxectivos establecidos nestes Estatutos.

2º.- A Fundación, unha vez constituída, adquirirá personalidade xurídica dende a inscripción da escritura pública fundacional no Rrexistro de Fundacións de Interese Galego e no Rrexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da validez das actuacións imprescindibles realizadas durante a súa formación, que se entenderán assumidas automaticamente por esta unha vez inscrita.

3º.- As fundacións do sector público de Galicia non poderán exercer potestades públicas. Unicamente poderá realizar actividades relacionadas co ámbito competencial das entidades fundadoras, debendo contribuír á consecución dos seus fins sen que isto

*[Handwritten signature]*  
1 de 22



supoña a asunción da titularidade das súas competencias, agás previsión legal expresa.

### 3. Régime

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

1º.- A Fundación rexeráse polos presentes Estatutos, polos Regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables; en concreto, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e pola normativa de Régime Financeiro e Orzamentario de Galicia, ou no seu caso, as disposicións que as substitúan. Tamén se terá en conta o Decreto 217/2008, do 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico en todo aquilo que non resulte incompatible coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia mentres non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento desta lei que o substitúan.

2º.- Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Régime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos Incentivos Fiscais do Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Régime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

3º.- A Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas, no exercicio das competencias que ten atribuídas, integrará activamente a perspectiva de xénero, de acordo co establecido na Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes, Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e demais normativa aplicable.

### Artigo 4. Domicilio

O domicilio estatutario da Fundación radica en Santiago de Compostela (A Coruña) no Edificio Administrativo San Caetano s/n.



2 de 22



03/2020



**XUNTA  
DE GALICIA**



FJ6630254



O Padroado poderá promove-lo cambio de domicilio social, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado, na forma prevista na legislación vixente.

A Fundación poderá establecer delegacións ou centros naqueles lugares en que desenvolva as súas funcións.

#### **Artigo 5. Ámbito de actuación**

O ámbito territorial no que desenvolve principalmente as súas actividades é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **TÍTULO SEGUNDO OBXECTO DA FUNDACIÓN**

##### **Artigo 6. Fins**

Son fins da Fundación:

1.- A protección xurídica, patrimonial e social das persoas maiores de idade incapacitadas legalmente e en situación de desamparo e poderanse agrupar nos seguintes apartados:

A atención e o exercicio da tutela e curadoría das persoas maiores de idade incapacitadas legalmente e cuxa tutela se encomende á Fundación pola autoridade xudicial.

A asunción, no seu caso, da Defensa Xudicial dos maiores de idade sobre os que se iniciase un proceso de incapacitación, así como o exercicio de certas funcións determine a autoridade xudicial en medidas provisionais de defensa e protección persoal e patrimonial, todo iso relativo ás persoas incapaces en situación de desamparo.

Administrar os bens da persoa tutelada, de conformidade co disposto pola autoridade xudicial, actuando no seu beneficio baixo os principios de prudencia, conservación e mellora conforme ao previsto no Código Civil.

2.- Facilitar o acceso ás actividades de asistencia, prevención, rehabilitación, reinserción, integración socio-laboral e formación, que favorezan a súa integración na comunidade.

3 de 22



- 3.- Promover a realización, sexa directa ou indirectamente, de programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas tuteladas.
- 4.- Orientar e asesorar ás persoas que exerzan funcións tutelares, e en xeral a todas aquelas persoas que demanden información.
- 5.- Participar na formación de profesionais relacionados cos servizos sociais de atención ás persoas con capacidade limitada.
- 6.- Fomentar actividades de carácter educativo, técnico, científico e cultural no ámbito da protección xurídica e social das persoas maiores de idade incapacitadas xudicialmente.
- 7.- Impulsar actividades de divulgación e sensibilización social para fomentar o respecto aos dereitos das persoas maiores de idade con capacidade legal limitada e a súa maior integración e normalización na sociedade.
- 8.- Fomentar accións de patrocinio, solidariedade e financiamento no ámbito da tutela de adultos por parte de empresas e entidades públicas e privadas.

#### **Artigo 7. Actividades fundacionais**

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, e a título orientativo, a Fundación, xa sexa por iniciativa propia ou en colaboración con terceiros, poderá:

- 1.- Establecer convenios e, no seu caso, protocolos de colaboración con institucións públicas e privadas, que faciliten a consecución dos fins fundacionais.
- 2.- Subsribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins.
- 3.- Coordinar as súas actividades con aquelas outras que realicen as Administracións Públicas ou calquera outra institución, orientadas aos fins da Fundación.
- 4.- Participar e colaborar no deseño, desenvolvemento e execución de proxectos de ámbito estatal e internacional.

#### **Artigo 8. Liberdade de actuación**

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades que, ao seu xuízo e dentro dos fins da Fundación e do Ordenamento Xurídico vixente, sexan as más





03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

FJ6630255



axeitadas ou convenientes en cada momento, coa intención de alcanzar os obxectivos concretos da Fundación.

### TÍTULO TERCEIRO

#### REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS Ó CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

##### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos**

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementa-la dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo pádroad.

Os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, no seu caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, en canto que contribúan á obtención dos ingresos, excluíndo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios. O cumprimento desta obriga realizarase de conformidade co establecido no artigo 35.5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

No cálculo dos ingresos non se incluirán as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial no momento da constitución ou nun momento posterior, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvistan en bens dotacionais.

##### **Artigo 10. Beneficiarios/as**

Terán a condición de beneficiarios/as as persoas físicas que reúnan as seguintes condicións:

- Maiores de idade.
- Residentes na Comunidade Autónoma Galega.
- Incapacitadas legalmente ou incursas nun procedemento de incapacitación.
- Que carezan de familia, persoa ou institucións idóneas ou estas non se atopen en condicións de exercer a Tutela ou a Curadoría, Defensa Xudicial ou Administración de Bens, cando así o determine a autoridade xudicial.

5 de 22



Asemade, poderán ser beneficiarias as persoas que sen estan incluídas nos apartados anteriores precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da Fundación.

## TÍTULO CUARTO GOBERNO DA FUNDACIÓN

### Artigo 11. Órganos da Fundación

- Órgano de governo. A Fundación estará rexida polo seu Padroado que, a súa vez, estará integrado polo/a Presidente/a, o/a Vicepresidente/a e os/as Vogais. Ademais, o Padroado disporá ao seu servizo dun Secretario ou Secretaria, que asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto, debendo levantar a correspondente acta.
- Órgano de xestión. Serán o/a Director/a Xerente e os demais cargos directivos de primeiro nivel.

## CAPÍTULO I: O PADROADO

### Artigo 12. Natureza


O Padroado é o órgano de governo, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxección ó dispuesto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

### Artigo 13. Composición

1º.- O Padroado estará composto por 6 membros. O primeiro Padroado será o designado na escritura de constitución.

O Padroado comporase dos seguintes membros:

- Presidente/a: que será a persoa titular do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais, que poderá ser substituído/a pola persoa que designe.
- Vicepresidente/a: que será a persoa titular do centro directivo ao que figure adscrita a fundación.



6 de 22



FJ6630256

03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

## c) Vogais:

- o Persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais.
- o Persoa titular do centro directivo con competencias en materia de promoción da autonomía persoal e/ou dependencia.
- o Persoa titular do centro directivo con competencias en materia de Saúde Mental.
- o Persoa titular do centro directivo con competencias en materia de Xustiza.

2º.- Ademais, o Padroado terá ao seu servizo un/unha secretario/a, que será designado polo/a presidente/a de entre o persoal funcionario do departamento con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais e que, con carácter preferente, pertencerá ao centro directivo ao que figura adscrita a fundación.

**Artigo 14. Duración do mandato.**

Os membros do Padroado que ostenten dita condición por razón do seu cargo, desempeñarán as súas funcións polo tempo que dure o exercicio deste, agás o Secretario, que exercerá as súas funcións durante catro anos, podendo ser este, reelexido.

**Artigo 15. Nomeamento e substitución de Patróns/Patroas**

O nomeamento dos membros realizarase pola súa condición de alto cargo, agás o do Secretario, que será nomeado polo Padroado.

Producida unha vacante dun/dunha membro do órgano de goberno nomeado por razón do seu cargo, a substitución efectuarase pola persoa que o/a substitúa no dito cargo.

Nos demais casos, no prazo máximo de tres meses, o Padroado procederá á designación da persoa que o/a substitúa no dito cargo.

A substitución dos/as Patróns/Patroas comunicárselle formalmente ao Protectorado e inscribirase no Rregistro de Fundacións.

7 de 22



#### Artigo 16. Aceptación do cargo de Patrón/Patroa.

1.- Os Patróns e Patroas comenzarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderase facer constar no outorgamento da Carta Fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo Secretario co visto e prace do/a Presidente/a. A aceptación comunicarase formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.


2.- O cargo de Patrón ou Patroa que recaia nunha persoa física deberá exercerse persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representándoo/a outro/a Patrón ou Patroa por el/a designado/a. Esta representación só o será para actos concretos e deberá axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito, debendo comunicarse ao/a Presidente/a, por escrito, con carácter especial para cada reunión.

#### Artigo 17. Cesamento dos/as Patróns/Patroas.

1.- O cesamento dos membros do Padroado da Fundación nomeados pola condición do seu cargo producirase por deixar de desempeñar o cargo en razón do cal foron nomeados.

2.- Nos demais casos, ou cando afecte ao desempeño do cargo polo que foron nomeados membros do Padroado, o cesamento poderá producirse nos supostos previstos no artigo 24.4 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e en concreto:

- Por morte ou declaración de falecemento, por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade.
- Por ter sido condenados/as por sentenza firme como consecuencia do exercicio da acción fundacional de responsabilidade.
- Por non desempeñar o cargo coa diligencia dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial.
- Polo transcurso do prazo de seis meses dende o outorgamento da escritura pública fundacional sen ter solicitado a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións.
- Por transcurso do período do seu mandato, se foron nomeados/as por un tempo determinado.



FJ6630257

03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

- Por renuncia, a cal será efectiva dende o momento en que se lle notifique formalmente ao órgano de governo da Fundación, e deberá facerse na forma prevista para a aceptación do cargo de Patrón ou Patroa.

O cesamento dos/as Patróns/Patroas comunicarase formalmente ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

#### **Artigo 18. Organización do Padroado**

O Padroado contará necesariamente cun Presidente/a, Vicepresidente/a e Secretario/a. Segundo o artigo 17 do Decreto 14/2009 as reunións do Padroado se entenderán validamente constituídas cando concorran a elles, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos, a metade máis un dos seus membros. Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade mais un dos asistentes, sendo dirimente no caso de empate o voto da Presidencia.

#### **Artigo 19. O/a Presidente/a**

O/a Presidente/a correspóndeelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocar as reunións do Padroado, presidilas, dirixir os seus debates e resolver os empates que se produzan nas votacións co seu voto de calidade.

Tamén lle corresponde a execución dos acordos adoptados, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

A título enunciativo e non limitativo, corresponderanlle, entre outras, as seguintes funcións:

- Ostentar e exercer a representación da Fundación.
- Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demás membros formuladas coa suficiente antelación, así como suspender e levantar as sesións.
- Presidir as sesións, moderar e arbitrar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- Dirimir co seu voto os empates, a efectos de adoptar acordos.

9 de 22



- e) Autorizar a asistencia ás reunións do Padroado doutras persoas, en calidade de acompañantes dos membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debater.
- f) Supervisar as operacións da Fundación e presentar ao Padroado os informes que considere oportunos.
- g) Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, dando conta disto na primeira sesión que celebre o Padroado.
- h) Asegurar o cumprimento das leis.
- i) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- k) Exercer outras funcións sexan inherentes a súa condición de Presidente/a do órgano.

#### **Artigo 20. O/a Vicepresidente/a**

Corresponderá ao Vicepresidente/a realizar as funcións do presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

#### **Artigo 21. O/a Secretario/a**

Son funcións do Secretario/a:

- a) A certificación dos acordos do Padroado co visto e prace do Presidente /a.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Padroado por orde do/a Presidente/a, así como as citacións dos seus membros.
- c) Asistir as reunións do Padroado.
- d) Conservar a documentación da Fundación e reflectir debidamente no libro de actas do Padroado o desenvolvemento das reunións.
- e) Calquera outra función inherente á condición de Secretario/a ou prevista nos estatutos da Fundación.



10 de 22





03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

FJ6630258




Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a Secretario/a será substituído/a polo Vogal de menor idade do Padroado

#### **Artigo 22. Facultades do Padroado**


Corresponden ao Padroado cantas facultades se precisen en Dereito para o eficaz cumprimento do fin fundacional e, en concreto, para o governo, a representación e a administración da Fundación, sen outras limitacións que as establecidas polos presentes estatutos e polas disposicións vixentes; asemade lle corresponde a modificación dos presentes estatutos nos termos establecidos na legislación vixente. En especial, o Padroado gozará de plena autonomía no exercicio das súas funcións, sen prexuízo das facultades que se outorguen ou correspondan ao Protectorado.

Serán facultades do Padroado, sen prexuízo das previstas noutros artigos dos presentes estatutos e a título enunciativo e non limitativo, as seguintes:

- a) A dirección da Fundación no marco fixado nestes estatutos, e no non contemplado nestes polo que as leis determinen.
- b) Fixar os criterios de actuación da Fundación dentro do marco establecido polos estatutos.
- c) Aprobar os regulamentos de réxime interno, así como a organización interna, estrutural e funcional.
- d) Adoptar as medidas e disposicións convenientes que garantan o mellor cumprimento dos fins establecidos.
- e) Aprobar os plans xerais, económicos, financeiros, operativos, de obras e investimentos a súa periodificación anual, que deben reflectirse nos orzamentos -plans de actuación - que tamén aprobará.
- f) Aprobar periodicamente o plan de actividades e a memoria da Fundación.
- g) Aprobar o inventario-balance anual, a liquidación do orzamento, a conta de resultados e memoria anual, consecuencia da xestión da entidade no período anterior.
- h) Nomear ao Director/a Xerente da Fundación e fixar as condicións da súa relación contractual. Por proposta deste/a, nomear aos cargos directivos, e fixar as súas atribucións.



- i) Aprobar a política de persoal e réxime retributivo dentro dos límites legais, e en particular, a aprobación do cadre de persoal fixando os seus criterios de selección, de acordo co disposto na Lei 16/2010.
- k) Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens móveis e inmóveis que constitúen o patrimonio da Fundación nos termos previstos na lexislación vixente.
- l) Autorizar as contratacóns da Fundación e fixar o límite de contía por debaixo do cal poderá o/a Director/a Xerente contratar sen a previa autorización do Padrado.
- m) Autorizar os acordos e/ou convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins.
- n) Adaptar o logotipo, selo ou selos como imaxe representativa da Fundación, e autorizar o seu uso na forma que considere oportuna.
- o) Aprobar os criterios de facturación e de ordenación de pagamentos, por proposta do/da Director/a Xerente.
- p) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como, a interposición de recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- q) Aceptar doazóns, cando levan aparellada algúna condición ou modalidade onerosa, así como legados e heranzas a beneficio de inventario; non obstante o anterior, para a súa aceptación ou repudiación estarase ao que as normas establezan en cando a autorizacións e comunicacóns ao Protectorado.
- r) Adoptar os acordos sobre a transformación, extinción e liquidación nos casos previstos na lexislación vixente.
- s) O órgano de goberno poderá delegar as súas facultades nun ou máis dun dos seus membros e nomear apoderados xerais ou especiais con función e responsabilidades mancomunadas ou solidarias. Segundo o artigo 18.1 da Lei 12/2006 non son delegables a aprobación das contas anuais e do plan de actuación, a modificación de estatutos, o acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación e todos aqueles actos que requiran autorización do Protectorado.
- t) Calquera outra función non asignada expresamente a outro órgano, que se estime redunde en beneficio das persoas que resulten beneficiarias das accións da Fundación.



12 de 22



FJ6630259

03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

### **Artigo 23. Reunións do Padroado e convocatoria**

O Padroado reunirase en sesión ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao Presidente/a convocar as súas reunións, por propia iniciativa ou a petición das 2/3 partes dos membros do Padroado.

A convocatoria das sesións ordinarias do Padroado farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de antelación á data de celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela farase constar o lugar, o día e hora de celebración da reunión, achegando así mesmo a orde do día.


En caso de sesión extraordinaria a convocatoria poderá realizarse con corenta e oito horas de antelación. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando, estando presentes a totalidade dos seus membros, así o acorden. En tal caso, o Padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que, os membros con dereito a voto, decidisen unanimemente incluir na orde do día.

### **Artigo 24. Formas de deliberar e adoptar acordos**

O padroado entenderanse validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e serán adoptados pola metade máis un dos asistentes sendo dirimente en caso de empate o voto da Presidencia. Non obstante requirirse o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioria absoluta dos seus membros para a aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión e á extinción da Fundación.

Das reunións do Padroado levantarase acta polo Secretario/a, que deberá ser subscrita e aprobada por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo/a Secretario/a co visto e prace do/a Presidente/a. Na acta figurará, a solicitude dos/as respectivos/as Patróns/Patroas, o voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen ou o sentido do voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que presente no acto, ou no prazo que sinale o/a Presidente/a do Padroado, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, facéndoo constar na acta ou xuntándolle copia a esta.



13 de 22





### Artigo 25. Dereitos e obrigas dos membros do Padroado


Correspónelle aos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día, así como dispoñer da información relativa aos temas que figuren na orde do día, e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu derecho de voto, sen que caiba a abstención, e formular voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para o cumprimento das funcións asignadas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición e todas aquelas que expresamente lles sexan atribuídas por acordo do padroado.

Son deberes dos membros do padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico- financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir as xuntanzas do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rrexistro de Fundacións de Interese Galego e no Rrexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O padroado dará información suficiente dos fins e actividades da fundación para seren coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.



14 de 22





03/2020



FJ6630260



#### **Artigo 26. Responsabilidades dos/as Patróns/Patroas**

Os/as Patróns/Patroas deberán desempeñar o seu cargo coa diligencia dun representante leal.

Os/as Patróns/Patroas responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á Lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a diligencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquél.

#### **Artigo 27. Carácter gratuito do cargo de Patrón/Patroa**

Os Patróns e Patroas exercerán o seu cargo de forma gratuita sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os Patróns e Patroas, de conformidade co previsto no artigo 23 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, terán dereito a ser reembolsados dos gastos, debidamente xustificados que lles ocasionen o desempeño da súa función, así como ao pagamento das axudas de custo por asistencia que, se é o caso, fixe o órgano de goberno, dentro dos límites que se determinen regulamentariamente.

### **CAPÍTULO II: ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

#### **Artigo 28. O/a Director/a Xerente**

O Padroado nomeará un/unha Director/a Xerente por proposta do Presidente/a, que se configura como principal órgano unipersonal de xestión da Fundación. A Fundación formalizará co/coa Director/a Xerente contrato laboral axelgado ao seu cometido fundacional. En ningún caso a duración do contrato poderá exceder de catro anos prorrogables por acordo das partes e conforme ás disposicións vixentes.

#### **Artigo 29. Funcións do/da Director/a Xerente**

Corresponden ao/á Director/a Xerente as seguintes funcións:

- As que lle delegue o Padroado para a execución dos seus acordos, para realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios a tal fin e, así mesmo, interpoñer recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos intereses da Fundación.

15 de 22




- b) Dirixir, xestionar, controlar e avaliar de acordo coas directrices do Padroado a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel de na prestación de servizos de acordo cos seus fins.
- c) Establecer e facer cumplir as normas de funcionamento interno da Fundación globais e en cada unha das unidades organizativas.
- d) Elaborar e propoñer ao Padroado o orzamento – plan de actuación -anual de gastos e ingresos e as súas revisións; así mesmo, organizar e dirixir a contabilidade xeral ea auxiliar de todas as instalacións ou servizos.
- e) Administrar o patrimonio da Fundación, executar ordes de pagamentos e de cobramientos e xestionar a tesourería dentro das atribucións que no seu caso concede o Padroado.
- f) Actuar como órgano de contratación da Fundación, sen previa autorización dentro do límite de contía fixado polo Padroado, e requirindo da autorización previa por parte do Padroado para as contratacións que superen o dito límite de contía.
- g) Desenvolver a política de persoal aprobada polo Padroado. A tal fin concertar e rescindir relacións laborais, seleccionar persoal, acordar sanción e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
- h) Informar regularmente ao Padroado dos resultados da xestión, operativos e financeiros e especialmente preparar a memoria do exercicio e o balance de situación.
- i) Calquera outra función que no seu caso lle delege o Padroado.

#### Artigo 30. Consellos asesores

O Padroado poderá crear consellos asesores e de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación destes órganos deberá ser notificado ao protectorado e inscrito no Rregistro de Fundacións.

Os membros dos consellos asesores e/ou comisións, serán nomeados polo Padroado de entre persoas e ou entidades que destaqueñ pola súa experiencia, coñecementos, ou colaboracións nas materias que constitúen o obxecto da Fundación.





03/2020



FJ6630261



O cese como membros dos consellos asesores ou comisións producirase por decisión do Padroado ou por renuncia.

O cargo de membro destes órganos é gratuito e indelegable.

## TÍTULO QUINTO RÉXIME ECONÓMICO

### Artigo 31. Patrimonio fundacional

O Patrimonio da Fundación estará integrado por todos os bens e dereitos susceptibles de valoración económica que integren a dotación, sen outras limitacións que as impostas polas leis. Así, formarán parte do mesmo, a dotación inicial e calquera outros bens e dereitos que, a partir deste momento, adquira a Fundación a título oneroso ou a título gratuito, de entidades públicas ou privadas. A súa adquisición, administración e disposición corresponde aos órganos da Fundación de acordo co establecido nos presentes estatutos.

A Fundación poderá aceptar a cesión en uso de bens e dereitos sen que iso implique a transmisión do dominio. Esta clase de bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión e debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquiran no exercicio da actividade da Fundación e, polo tanto, deban estar incorporados ao seu patrimonio.

As melloras, reparacións, conservación e manteremento destes bens serán por conta da Fundación. O alleamento e gravame dos bens e dos dereitos da Fundación que formen parte da dotación ou estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais deberán ser comunicados ao Protectorado de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 12/2006, de 1 de decembro. Os restante alleamentos e gravames faranse constar na memoria presentada ao Protectorado.

O patrimonio da Fundación quedará reflectido no inventario, que revisará e aprobará anualmente o Padroado. Os bens que sexan susceptibles de inscrición, inscribiranse no Registro da Propiedade. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse ao seu nome nos establecementos financeiros ou Caixa Xeral de Depósitos.

17 de 22



Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan vinculados exclusivamente ao cumprimento, directo ou indirecto dos fins fundacionais.

#### **Artigo 32. Dotación da Fundación.**

A dotación da Fundación estará integrada por todos los bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen con ese carácter.

#### **Artigo 33. Adscrición do patrimonio fundacional**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ó cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

#### **Artigo 34. Financiamento**

Os recursos económico- financeiros da Fundación compónense de:

- a) A dotación inicial
- b) Os ingresos que obteña pola facturación dos seus servizos.
- c) Os derivados dos contratos, concertos e convenios asinados con persoas físicas ou xurídicas, ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- d) Os ingresos procedentes das sociedades filiais ou empresas en que participe.
- e) Os rendementos do seu patrimonio.
- f) As subvencións, axudas, donativos, legados e heranzas aceptados.
- g) Os créditos e empréstitos que lle sexan concedidos.
- h) Calquera outro, no marco legal de aplicación.

A Fundación poderá recibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios na forma e os requisitos establecidos no artigo 34 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego. As cantidades que excepcionalmente poida percibir a Fundación do conxunto dos seus beneficiarios non poderá exceder do custo real do servizo ou da prestación, sen marxe comercial de ningunha clase.





03/2020

XUNTA  
DE GALICIA

FJ6630262

**Artigo 35. Régime financeiro**

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

A Fundación, ademais do Libro de Actas, levará necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais, e aqueloutros que sexan convenientes para o bo orde e desenvolvemento das súas actividades, así como, para o adecuado control da súa contabilidade.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

**Artigo 36. Elaboración do Plan de actuación e presentación de Contas Anuais.**

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses da cada exercicio, un Plan de actuación, no queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevea desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación. Este plan de actuación deberá presentarse ao Protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do Padroado da Fundación, que os depositará no Rexistro de Fundacións de interese galego e no Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Padroado ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As Contas Anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación. Ademais, incluirase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribirán con outras entidades para estes fins, así como o grado de cumprimento do destino das rendas e ingresos.



19 de 22



Se a Fundación se encontra dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, remitindo ó protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.

A Fundación estará suxeita ao control financeiro que realizará a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen perxucio das competencias que nesta materia correspondan ao Consello de Contas de Galicia.

## TÍTULO SEXTO DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

### Artigo 37. Modificación de estatutos


Por acordo do Padroado poderán ser modificados os Estatutos sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumplan os requisitos esixidos no artigo 114 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e no artigo 41 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Para a adopción de acordos de modificación , será necesario o voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioria absoluta dos membros do Padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado deberá ser comunicada ao Protectorado, formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### Artigo 38. Fusión con outra Fundación e escisión.

A Fundación poderá fusionarse con outra ou outras, previo acordo dos respectivos Padroados. O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña a maioria absoluta dos membros do Padroado. Dito acordo de fusión terá que ser comunicado ao Protectorado nos termos do artigo 42 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente se inscribirá no Rexistro de Fundacións. O Padroado da Fundación poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.



20 de 22



FJ6630263



03/2020



### **Artigo 39. Extinción da fundación**

A disolución da Fundación producirase por acordo dos membros do Padroado que determine a imposibilidade, legal ou material, de cumplir os seus obxectivos. En caso de acordo de disolución este requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros e a súa ratificación por parte do protectorado.

Así mesmo, a Fundación extinguirse por calquera outra causa establecida pola lexislación vixente.

A constitución, transformación, modificación de estatutos, fusión, extinción e perda da representación maioritaria da Fundación, e os actos que impliquen a perda do seu carácter de Fundación do sector público autonómico, deberán ser autorizados por acordo do Consello da Xunta, segundo o establecido no artigo 114 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia<sup>a</sup>.

### **Artigo 40. Liquidación e adxudicación**

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, aos efectos previsto nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En atención ao deber de publicidade establecido para as fundacións de interese galego no artigo 31.b) da Lei 12/2006, do 1 de decembro, e sen prexuízo do seu anuncio e difusión xeral, deberán publicar na súa sede electrónica, de contar con unha, a expresión dos fins fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos das licitacións e axudas que convoquen durante o citado exercicio.

21 de 22





## CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.

